

Consideracións

1.- Situación económica de Galicia

1 O CES considera positivo o feito de que a economía galega manteña o seu dinamismo no ano 2007, ao rexistrar unha medra do seu produto interior bruto (PIB) real a prezos de mercado do 4,0%. Este crecemento é dúas décimas superior ao experimentado polo conxunto do Estado e se sitúa máis dun punto por riba do promedio da Unión Europea.

Este forte ritmo de crecemento da actividade económica non se trasladou totalmente ao mercado de traballo galego, no senso en que a poboación ocupada medrou un 2,5% en relación ao ano anterior, medio punto por baixo da estimada en 2006.

No segundo semestre do ano comezan a detectarse signos de moderación ou desaceleración do seu crecemento. Entre estes poderían salientarse as incertezas xeradas polas turbulencias dos mercados financeiros, o incremento dos tipos de xuro e o endurecemento das condicións de acceso ao crédito, o forte incremento dos prezos a partir do mes de agosto, o descenso dos visados de dirección de obra e a desaceleración no número de persoas afiliadas á Seguridade Social.

A evolución trimestral do PIB reflicte que Galicia comeza o ano cunha medra do 4,2% no primeiro semestre do ano, presentando unha taxa interanual de crecemento do 3,8% no derradeiro trimestre de 2007.

2 Dende o punto de vista da oferta, a construción sitúase como o sector de maior crecemento, por diante dos servizos e a industria. Asemade, hai que avaliar positivamente o crecemento, por segundo ano consecutivo, do VEB xerado polo sector primario.

Non obstante, a pesar da positiva evolución do sector primario en termos macroeconómicos, o CES considera importante salientar a incidencia moi negativa que para o futuro dos sectores agrogandeiro e pesqueiro teñen tanto o incremento do diferencial de prezos orixe-destino como o incremento dos prezos do gasóleo. Isto redunda na falta de rendibilidade tanto das explotacións agrogandeiras, polo que se agravaría o seu proceso de abandono, como das empresas relacionadas co mar.

Dende un punto de vista trimestral hai que salientar a forte ralentización do conxunto do sector industrial no derradeiro trimestre do ano, xa que presenta unha medra inferior ao 1%. Por contra, os outros tres sectores produtivos experimentaron no cuarto trimestre de 2007 unha taxa de crecemento interanual superior á do primeiro trimestre.

3 Case o 60% do crecemento agregado do PIB galego ven explicado polo comportamento do sector servizos, mentres que a achega da construción e as ramas industriais (sen enerxía) foi do 18,3% e 15,5%, respectivamente. Do mesmo xeito que os servizos, a importancia relativa no VEB dos sectores enerxético e primario é superior á súa achega ao crecemento agregado, que foi do 1,4% e 2,8%, respectivamente.

4 Dende o punto de vista da demanda, a demanda interna segue comportándose como motor de crecemento da economía galega, cunha achega de 5,3 puntos, o que unido ao feito de que a demanda exterior detrae unha cantidade superior á de 2006, contribuíu a un patrón de crecemento máis desequilibrado. Entre os compoñentes da demanda interna, destaca o crecemento do investimento (Formación bruta de capital fixo), cunha medra do 5,8%, situándose os compoñentes do consumo final no 4%.

No que atinxe ao sector exterior, cómpre salientar que o incremento do déficit exterior amosado polos datos do cadro macroeconómico de Galicia ven motivado polo comportamento das relacións comerciais galegas co resto do Estado. Fronte ao elevado incremento do déficit da balanza comercial coas demais CC.AA. en 2007 (un 24,5%), neste último ano continuou reducíndose de xeito considerable o déficit da balanza comercial galega con terceiros países (un 44% inferior ao do ano 2006).

5 No ano 2005 (último ano dispoñible) detense o deterioro da participación da remuneración de asalariados sobre a economía galega. Neste último ano, o 79,9% dos traballadores repartíanse o 44,4% da renda, en tanto que en 2004, o 44,2% da riqueza se distribuíu entre o 78,7% dos traballadores.

6 No primeiro semestre do ano o dinamismo da economía galega continuou coa moderación das tensións inflacionistas iniciada no ano anterior. Con todo, na segunda parte do ano o IPC experimentou unha forte medra, situándose no mes de decembro a taxa de crecemento interanual no 4,1%, punto e medio por riba da rexistrada no ano precedente (4,2% en España e 2,1% de media nos países da zona euro). Este incremento dos prezos veu motivado, en parte, tanto polo encarecemento dalgúns alimentos básicos como do petróleo.

7 O CES insiste nas consecuencias negativas da paulatina caída do peso relativo da poboación galega no total estatal, así como do aumento dos desequilibrios territoriais, descendo a poboación no interior e na Galicia rural. Cómpre salientar a medra do saldo migratorio positivo como resultado do maior saldo positivo co estranxeiro, que compensa o novo saldo negativo co resto do Estado (positivo en 2005).

8

No último ano aprobáronse dous plans que deberían ter especial relevancia para o desenvolvemento económico de Galicia a medio e longo prazo: o Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia 2007-13 (MECEGA) e o Plan de reequilibrio territorial 2007-10. Dada a envergadura destes documentos e o seu potencial impacto en aspectos económicos e sociais, o CES considera imprescindible a participación dos axentes sociais tanto no seu seguimento como na súa avaliación.

9

Ante os signos de desaceleración económica que aparecen na segunda metade do ano, o CES volve a remarcar a necesidade de implementar un modelo adecuado de desenvolvemento que permita intensificar o proceso de converxencia activa coa media española e europea. Neste senso cómpre potenciar as actividades de alto valor engadido, fomentar a creación e difusión do coñecemento e a innovación, así como a modernización empresarial e a competitividade, apoiar aquelas actividades tecnoloxicamente maduras nas que Galicia xa conta cunha vantaxe comparativa e intensificar as distintas estratexias que fagan fronte ao reto da apertura da economía galega. Asemade, o goberno galego debe velar porque o crecemento sexa compatible co emprego estable e co reparto equilibrado da renda.

2.- Emprego

10

O CES considera positivo o feito de que o mercado de traballo galego presente no conxunto do ano, unha medra da ocupación estimada e do número de persoas afiliadas á Seguridade Social, así como un descenso do desemprego estimado pola EPA e do rexistrado nas oficinas de emprego.

Sen embargo, unha análise máis pormenorizada dos datos reflicte que a partir do segundo semestre do ano aparecen signos de incerteza que se manifestan, entre outros aspectos, nunha desaceleración da ocupación e nun menor descenso do desemprego, nunha ralentización do ritmo de crecemento das afiliacións á Seguridade Social ou nun incremento do número de expedientes de regulación do emprego e de traballadores afectados polos mesmos. Doutra, neste contexto de menor crecemento da actividade económica e do emprego, cómpre salientar a ralentización no ritmo de creación de empresas.

11

Un ano máis hai que salientar o desigual comportamento dos grandes sectores económicos, descendendo a ocupación nas ramas primarias e aumentando a mesma nas ramas económicas da industria, construción e fundamentalmente, nos servizos (máis do 85% dos novos ocupados o están nas ramas dos servizos).

Fronte a estes datos globais, a construción e os servizos son os que mellor resisten a desaceleración na creación do emprego, con taxas de crecemento positivos nos catro trimestres do ano, mentres que na industria este tan só medra no primeiro trimestre do ano. No que atinxe ás actividades primarias, a pesar da caída do emprego tanto na agricultura como na pesca, estas presentan comportamentos diferentes xa que mentres que a primeira presenta caídas do emprego moi superiores ás do ano anterior (agás no segundo trimestre do ano), a pesca presenta un mellor comportamento ao longo de todo o ano, medrando incluso a ocupación no primeiro trimestre de 2007.

12

A diferenza do que acontece no conxunto do Estado, o mercado de traballo galego presenta como característica a ruptura da tendencia dunha maior creación de emprego feminino. Boa proba disto é que en 2006 case o 84% dos novos ocupados eran mulleres mentres que no último ano esta porcentaxe se sitúa no 42%.

13

O maior incremento do emprego en Galicia produciuse fundamentalmente entre os asalariados, en especial no sector privado, con 28.600 persoas máis das que 5.400 foron mulleres.

O CES destaca o forte aumento do emprego asalariado indefinido, favorecido pola Lei estatal 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, e polo proceso do diálogo social desenvolvido tanto a nivel estatal como autonómico. Isto, unido ao proceso de axuste automático do mercado de traballo, no que a evolución do emprego temporal se refire, tradúcese nunha positiva redución da elevada taxa de temporalidade, que se sitúa no 31,4%, tres puntos e medio menos que no ano anterior.

Asemade, cómpre salientar o mellor comportamento do sector privado en relación ao público, xa que esta taxa descendeu en máis de catro puntos porcentuais no primeiro caso e punto e medio no segundo. No caso das mulleres, a taxa de temporalidade en Galicia presentou no último ano un comportamento positivo, xa que cae máis de seis puntos porcentuais en relación á estimada en 2006, sendo esta redución de 7,6 puntos no sector privado e de tan só 2,9 puntos no público.

14

No contexto de ralentización do crecemento do número total de contratos (8,3% en 2006 fronte a case un 1% no 2007), o CES considera positivo o incremento superior ao 25% rexistrado no caso dos contratos iniciais de duración indefinida. Por contra, tralo plan extraordinario de bonificacións á conversión de emprego temporal en fixo aplicado en 2006, o último ano presenta un descenso dos contratos convertidos en indefinidos, que caeron un 12,2% en Galicia (21,5% no conxunto do Estado).

Dos 864.634 contratos rexistrados en Galicia, o 88,6% son contratos de duración temporal (88,1% no conxunto do Estado) sendo esta porcentaxe do 5,7% tanto no caso dos contratos indefinidos iniciais (7,1% en España) como no dos contratos convertidos en indefinidos (4,8% en España).

O elevado volume de contratos temporais agrávase se se ten en conta tanto a súa duración como o grao de rotación existente. Dunha banda, por mor do peso dos contratos por obra ou servizo determinado, case catro de cada dez contratos temporais son contratos cunha duración indeterminada. Doutra, o 47,3% dos contratos cunha duración concreta, teñen unha duración inferior a un mes. Asemade, o número de contratos por persoa asalariada temporal medrou ata os 2,6 contratos (3,1 contratos de media en España).

15

En opinión do CES o mercado de traballo galego presenta unha importante segmentación, presentando a xente de nova incorporación ao mundo laboral unha maior temporalidade. En termos relativos, os máis prexudicados son os máis novos (menores de 35 anos), que presentan unha taxa de temporalidade do 47%. Asemade, os menores de trinta anos asinaron o 39,6% dos contratos indefinidos (43,4% no conxunto do Estado) e o 49,5% dos contratos de duración temporal (47,5% en España).

16

No que atinxe ao desemprego estimado pola EPA, Galicia presenta unha mellor evolución interanual en relación á media española. O número de persoas desempregadas descendeu nos catro trimestres, se ben o seu ritmo se foi moderando ao longo do ano. Por contra, en España a poboación desempregada presenta unha medra dende o terceiro trimestre do ano.

O CES entende positivo que a taxa de paro galega se manteña en 2007 por baixo da media española (no ano 2005 esta era sete décimas superior á estatal). No último ano a taxa de paro descende ata o 7,6%, sendo a medio no conxunto do Estado do 8,3%.

17

O paro rexistrado experimentou no último ano un descenso do 6,7% (catro décimas superior ao do conxunto do Estado), situándose o número de persoas desempregadas en 2007 nas 150.548. Con todo, a pesar da súa forte caída no último ano (mantense o número de parados no conxunto do Estado), o CES considera necesario salientar a elevada importancia relativa do desemprego rexistrado en Galicia, que supón o 7,4% dos parados rexistrados en España, moi por riba dos pesos relativos do PIB, 5,1%, das persoas afiliadas á Seguridade Social, 5,6%, ou da poboación, 6,1%.

O paro rexistrado reduciuse tanto nas catro provincias galegas como en todos os sectores considerados. A nivel sectorial, os servizos rexistran o maior descenso en termos absolutos, con 6.460 desempregados menos, seguidos pola industria e a construción, con 1.809 e 1.434 parados rexistrados menos. En termos relativos, a caída do desemprego foi do 8,6% na construción, fronte ao 7,1% da industria e os servizos.

Doutra banda, Pontevedra e Lugo rexistraron, en termos relativos, os descensos máis acusados, cunha caída do 7,4% e 7,2%, respectivamente.

18

O CES subliña que a ralentización na xeración de emprego mencionada anteriormente ten unha maior incidencia na poboación de nacionalidade estranxeira. No conxunto do ano 2007, a ocupación entre as persoas de nacionalidade española medrou un 2%, unha décima menos que no ano anterior, en tanto que entre os estranxeiros esta porcentaxe foi do 15,8%, dezasete puntos porcentuais menos que en 2006. No último ano, o 23,3% do emprego creado correspondeu a estranxeiros.

Asemade, cómpre salientar o importante descenso do ritmo de crecemento interanual no caso dos estranxeiros, cunha medra do 30,3% no primeiro trimestre do ano e un 12,3% no derradeiro trimestre.

19

O CES volve a incidir na gravidade do problema da sinistralidade laboral xa que, se ben descende o número de accidentes graves e mortais, no último ano medrou novamente o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo. A pesar deste preocupante incremento (7,2% respecto ao ano anterior), e tralo crecemento do 4,1% do número de afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, o índice de incidencia laboral en Galicia situouse nos 58 accidentes por cada mil afiliados a ditos réximes, catro décimas por riba de media en España. Por contra, e a pesar da medra rexistrada, o índice de frecuencia, que establece a relación de accidentes e horas traballadas, sitúase por baixo da media española.

20

Outro dos aspectos negativos que hai que salientar é a medra experimentada na conflitividade laboral, que se reflicte no forte incremento tanto do número de participantes en folgas como de horas non traballadas. Estes datos responden fundamentalmente aos problemas rexistrados na provincia de Pontevedra nos sectores do metal e da construción.

21

No último ano rexistrouse en Galicia tanto un incremento do número de expedientes de regulación de emprego autorizados como de traballadores afectados. A pesar que a taxa de crecemento do número de expedientes autorizados en Galicia foi superior ao da media estatal (23,1% e 9%, respectivamente), o número de traballadores afectados aumentou en Galicia un 3% fronte ao 12,4% en España.

22

O CES considera importante destacar a ralentización no ritmo de creación de empresas, situándose o número de sociedades constituídas por cada dez mil habitantes en 23,8, sete menos que a media española.

23

Para facer fronte ao novo contexto de incerteza do mercado de traballo, o CES entende que é prioritario acadar unha maior eficacia das políticas activas de emprego. Neste senso, sería necesario, dunha banda, unha maior colaboración e coordinación tanto entre as distintas Administracións como entre estas e os axentes que operan no mercado de traballo. Doutra banda, considérase fundamental a realización dunha avaliación ex-post das diferentes medidas desenvolvidas neste eido.

3.- Sector público, benestar social e calidade de vida

24

O exercicio 2007 é o primeiro do novo período de programación dos Fondos Europeos (2007-2013) do que participan os novos Estados membros, cuxas rexións son consideradas, na súa meirande parte, rexións obxectivo converxencia. Este novo contexto de financiamento europeo, debe afrontarse coma unha oportunidade para reorientar as estratexias de desenvolvemento económico.

Tendo en conta as Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-13, o Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-13 (MECEGA) establece coma obxectivo global o de converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento. Xunto aos obxectivos finais de impulsar e dinamizar a economía galega e de incrementar a competitividade do tecido produtivo a través do coñecemento e a innovación, defínense coma obxectivos a acadar os de aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social, e o de reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible.

25

Novamente se rexistra en Galicia unha medra do número de pensións contributivas e un descenso no número de pensións non contributivas. O CES ten que insistir non só no feito de que o importe medio das pensións contributivas seguen sendo as máis baixas do Estado, senón tamén no incremento do diferencial co importe medio estatal.

Este diferencial aumenta a pesar do descenso do número de pensionistas nos réximes agrarios e da redución do seu elevado peso relativo nas pensións galegas (o 32,5% fronte ao 17,3% no conxunto do estado), o que evidenciaría un problema estrutural nas bases salariais de cotización, máis que reflectir o impacto das pensións máis baixas, que son as dos réximes agrarios ou autónomos.

26

A pesar da redución do desemprego experimentado no conxunto do ano 2007, Galicia volve a rexistrar unha medra das prestacións por desemprego, polo que se insiste na necesidade dunha análise máis polo miúdo dos movementos que se están a producir no mercado de traballo.

27

27.- No que atinxe á sanidade, aspecto básico do benestar social, é necesario insistir na necesidade dun maior control do gasto farmacéutico e dunha maior redución das listas de espera. Dunha banda, o gasto farmacéutico en Galicia derivado da receita oficial do Sistema Nacional de Saúde medrou no último ano un 4,2%, un punto menos que no conxunto do Estado, descendendo lixeiramente o custo en receita médica oficial. Doutra, segundo os datos publicados polo Sergas, a demora media da lista de espera estrutural cirúrxica (a 31 de decembro de 2007) foi de 84 días, situándose a mesma nos 108 días no caso cirurxía cardíaca e nos 103 días en traumatoloxía.

28 É importante salientar a posta en marcha, o 1 de xaneiro de 2007, do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, xa que a súa creación constitúe o avance máis importante no sistema español de protección social. A comezos do ano 2008, Galicia sitúase coma a terceira comunidade con maior número de solicitudes de valoración da situación de dependencia presentadas, ao acoller o 10,4% das solicitudes presentadas no conxunto do Estado. Por contra, presenta unha das porcentaxes máis reducidas de valoración e emisión de ditames de situación de dependencia realizados, cun 21,6%, cando o total estatal é de 64% e 55,2%, respectivamente. (fonte: IMSERSO)

29 O CES considera positivo a medra do número centros e prazas nas garderías de titularidade pública en 2007. Non obstante, hai que salientar que as prazas e centros públicos seguen sendo insuficientes dada a demanda existente. Asemade, cómpre salientar a posta en marcha das denominadas galescolas, estando en funcionamento a 31 de decembro dese ano un total de 14 centros.

30 O CES valora negativamente a redución da participación do gasto público en educación, que se sitúa no 4,3% no PIB, dúas décimas menos que no ano anterior.

A pesar da medra do número de estudantes estranxeiros por riba do 10%, ao longo do último ano rexístrase un descenso do número de alumnos no ensino de réxime xeral. Fronte a esta caída, volveu a incrementarse en Galicia o número de alumnos en educación infantil e primaria, sendo salientable o feito de que case o 40% do incremento do alumnado en primaria ven explicado pola medra do alumnado estranxeiro.

No que atinxe á nacionalidade dos alumnos estranxeiros, hai que salientar que en Galicia o 52,6% dos alumnos proceden de Colombia, Brasil, Arxentina, Venezuela, Portugal e Uruguai, en tanto que no conxunto do Estado esta porcentaxe se sitúa no 19%. En opinión do CES, dende as Administracións públicas deben potenciarse as medidas necesarias para a integración destes alumnos no sistema educativo.

O CES considera necesaria unha reordenación do sistema de ensino universitario e da formación profesional, intensificando os esforzos que permitan un maior peso relativo dos egresados nas ramas técnico-experimentais.

31 O encarecemento da vivenda e o endurecemento das condicións financeiras fixeron que en 2007 volvesen a empeorar as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade. Galicia seguiu amosando un carácter máis inflacionista que o conxunto do Estado, medrando o prezo medio da vivenda libre un 8,3% (5,8% en España) e o da vivenda protexida, un 4,6% (4,8% no conxunto do Estado).

Este encarecemento provocou que unha familia media perceptora dun só salario dedique ao pago das cotas da hipoteca o 51% do seu salario bruto, máis de oito puntos por baixo da media estatal (en 2006 estas porcentaxes eran do 44% e 52,4%, respectivamente). Se se ten en conta a media de salarios percibidos pola unidade familiar, o que se dedica ao pago das cotas no ano 2007 é o 31,9% do devandito salario (39,6% en España).

4.- Desenvolvemento rexional

32 Ao longo do ano 2007 aprobouse a Lei de medidas urxentes de ordenación do territorio e do litoral e comezou o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010. O CES considera que deberían existir unhas directrices de ordenación do territorio (DOT) previamente á redacción de calquera plan territorial integrado.

33

Tendo en conta o elevado déficit estrutural de Galicia en materia de infraestruturas de transporte (nomeadamente ferroviarias e portuarias) e co obxectivo de mellorar a vertebración do territorio, incrementar a competitividade económica e corrixir os desequilibrios territoriais, o CES reitera a esixencia dunha maior racionalización do gasto e a creación dun sistema que permita definir a gradación en importancia dos recursos en infraestruturas e equipamentos necesarios.

No ano 2007, o investimento do Ministerio de Fomento en Galicia ascendeu a 953,6 millóns de euros, dos que o 36,1% corresponde ao investimento do SEITT, o 27,1%, ao investimento da DG de Carreteras, o un 31,6% ao investimento da DG de Ferrocarriles, e un 11,5%, ao de Puertos del Estado. En opinión do CES é necesario incrementar o esforzo de investimento e execución por parte do Estado co obxectivo de reducir o déficit galego en materia de infraestruturas.

34

No que atinxe ao ferrocarril, o CES considera prioritaria a modernización e ampliación da rede ferroviaria. Para iso é imprescindible non só unha planificación real, razoable e posible, senón tamén unha axilización da execución das obras necesarias que garanta a posta en servizo do AVE a comezos de 2013.

Con todo, o CES chama a atención do preocupante retraso que levan as obras do AVE a Galicia. A 31 de decembro de 2007, dos 905,6 quilómetros que transcorren en Galicia, 290,7 km atopábanse en fase de estudio informativo, e 83,2 km en fase de proxecto. En conxunto, o 41,3% da lonxitude do AVE en Galicia atópase en fase de estudio ou en proxecto. Nos 782,4 km dos tramos Zamora-Lubián, Lubián-Ourense, Palencia-León, León-Ponferrada e Bilbao-Canta-Astur-Ribadeo, o 64,7% atópase en fase de estudio informativo, e un 34,9% en proxecto.

35

Dada a importancia da situación xeoestratéxica de Galicia, o CES considera oportuna unha política que aposte decididamente pola potenciación das infraestruturas marítimas. Esta política deberá ter tres eixos de actuación: o remate das obras dos portos exteriores de A Coruña e Ferrol, a posta en funcionamento das plataformas loxísticas ligadas aos portos, e o desenvolvemento do porto seco de Monforte.

Valórase positivamente que o porto de Vigo se presentara como porto cabeceira, e coas dársenas de Alxeciras, Saint Nazaire e Le Havre, ao concurso público convocado para a selección de proxectos relativos ao establecemento e explotación dunha ou varias autopistas do mar entre Francia e España.

36

O CES salienta o elevado déficit de solo empresarial, especialmente nas áreas máis dinámicas de Galicia. Xunto ao incremento da dispoñibilidade de solo de calidade, é necesario o seu abaratamento, polo que se suxire a aplicación de medidas que eviten o incremento especulativo do prezo do solo. Dado que o devandito déficit constitúe un elemento limitante para o desenvolvemento económico de Galicia, suxírese que as actuacións neste ámbito deben responder a unha exhaustiva planificación e deben converterse nun fin estratéxico e prioritario da Xunta de Galicia.

O CES propón a creación dun Observatorio u organismo similar de apoio e asesoramento nesta materia. Entre os seus obxectivos principais deberían estar os de converterse nun instrumento de referencia na obtención e análise da información sobre as necesidades reais do solo e a súa demanda futura, realizar estudos para o seguimento das políticas desenvolvidas en materia de solo empresarial, ou o de promover a coordinación e cooperación entre os distintos promotores (administracións públicas ou promotores privados).

No que atinxe ás principais actuacións desenvolvidas en 2007, cómpre salientar que hai cinco parques en fase de execución, onde destacan a PLISAN, en Salvaterra- As

Neves, cunha superficie total de 4.177.851 metros cadrados, e As Gándaras, en Lugo, con 2.167.503 metros cadrados.

37

O CES salienta as dificultades existentes para o seguimento da execución das obras en materia de infraestruturas, polo que sería necesaria unha maior transparencia na información acerca do estado real das mesmas.

38

No concernente ás actividades de I+D, o gasto interno nestas actividades experimentou un crecemento superior ao dez por cento en relación ao ano anterior. A pesar desta medra, aumentou a brecha con respecto ao Estado no que ao esforzo investidor se refire, xa que Galicia dedicou o 0,89% do seu PIB a estas actividades, lonxe do 1,20% de media española e do 1,84% de media en Europa. O gasto interno por habitante e en termos de persoal ocupado en equivalencia a xornada completa representa o 62% e o 86,8% da media española, respectivamente. Asemade, o gasto en I+D por investigador representa o 84,9% da media estatal. ■